


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

30-31 de xullo do 2022

XVIII ORDINARIO C



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 6 Que ledicia a miña estrofa 3*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

A semana pasada na celebración pediámoslle a Xesús que nos ensinase a rezar e El deunos a oración do Noso Pai para que todos poidamos falar con Deus de corazón.

Pero a fe non se reduce a rezar, por iso hoxe no evanxeo cóntasenos unha parábola para que saibamos como facer na nosa vida cos bens que imos tendo. Hai xente, coma o home da parábola, que pensa que o importante é ter: diñeiro, propiedades, riquezas...

Xesús quere que aprendamos que os bens son un medio e nunca un fin. Necesitamos moitas cousas pero as cousas non o poden ser todo. De que nos serve enriquecernos e acumular bens se no noso interior estamos baleiros como persoas?.

Agora a mesa e o pan ao que estamos convidados é pouca cousa, pero compartilo con Xesús enche de VIDA.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *A veces o noso afán por ter e as nosas cobizas fan que non nos preocupemos dos demais, por iso queremos pedir perdón:*

### Monitor/a

- ✓ Porque nos empeñamos moito por mellorar o noso nivel de vida; pero pagando un alto prezo: unha vida cada vez máis individualista e menos solidaria.

**SEÑOR, AMÓSANOS O TEU CAMIÑO**

- ✓ Porque seguimos sendo cómplices de que no mundo haxa unhas poucas persoas escandalosamente ricas e moitísimas desesperadamente empobrecidas.

**CRISTO, AMÓSANOS O TEU CAMIÑO**

- ✓ Porque seguimos preocupándonos por moitas cousas sen decatarnos de que as cousas realmente importantes non son as que se teñen senón as que se comparten.

**SEÑOR, AMÓSANOS O TEU CAMIÑO**

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos conceda o Señor o perdón dos pecados, e a todos por Cristo Resucitado nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que nos preocupa de verdade e as necesidades dos nosos irmáns. Rezamos coas familias que non teñen o suficiente para vivir dignamente.*

*(Silenzo)*

**Celebrante:**

Deus, noso Pai, asiste aos teus fillos e móstralle a túa bondade incansable. Nós estamos orgullosos de terte coma Creador e de sermos gobernados pola túa providencia. Renova ti a obra da túa creación e protexe o que renovaches. Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *A palabra de Deus que agora imos ler axúdanos a descubrir que a oración é permanente diálogo aberto con Deus.*

*Con Cristo descubrimos que a súa oración nace da vida e busca implicar a Deus na vida; é un bo día para avaliar como rezamos, non canto oramos senón como é a nosa oración.*

Leccionario I-C páx 229 **Col 3, 1-5. 9-11** LECTURA

## PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS COLOSENSES

Irmáns e irmás:

Se resucitastes con Cristo, buscade as cousas de alá enriba, onde Cristo está sentado á dereita de Deus; arelade o de arriba e non o da terra. Vós morrestes e a vosa vida está agachada con Cristo en Deus. Cando se manifeste Cristo, que é a vosa vida, daquela tamén vós vos manifestades con El revestidos de claridade.

Non mintades uns a outros, xa que vos espistes do home vello cos seus malos feitos e vos revestistes do home novo, que se vai anovando, conforme a imaxe de quen o creou, para chegar a un coñecemento total. Alí xa non hai máis nin grego nin xudeu, nin estranxeiro nin bárbaro, nin escravo nin libre, senón que Cristo é todo en todos.

### Palabra do Señor

🎵 *nº 18* *Escoita ao Señor* *SALMO*



(*en pé*) *Lec 1 C páx 230* Lc 12,13-213 *EVANXEO*

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela díxolle a Xesús un que estaba entre a xente:

- Mestre, dille a meu irmán que reparta a herdanza comigo.

El contestoulle:

- Home, quen me nomeou xuíz ou albacea entre vós?

E logo díxolle á xente:

- Atención: gardádevos da cobiza, que por moito que un teña non por iso a súa vida depende dos seus bens.

E propúxolles unha parábola:

- As terras de certo home rico déranlle moito froito. Púxose entón a cavilar: "Cómo vou facer, que non teño onde meter o froito?" E dixo: "Xa o sei: vou desfacer os meus celeiros, e constrúo outros máis grandes e alí meto o trigo todo e todos os meus bens. Logo direime a min mesmo: Amigo, xa tes aí reservas para moitos anos; descansa, come, bebe e ¡a vivir!"

Pero Deus díxolle: "Insensato, esta mesma noite váiseche reclamar a túa vida: para quen será todo o que fixeches?"

Así é quen atesoura riquezas para si, pero non é rico para Deus.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Vivimos nunha sociedade e nun mundo que está a poñer as cousas por enriba das persoas.

Claro que todos necesitamos cousas para vivir, o triste é cando esas cousas válenos máis que as persoas.

A cobiza, o ter e o individualismo están cada vez máis á porta da nosa casa e da nosa vida.

Hoxe faise difícil educar no compartir porque a sociedade materialista vaise impondo.

Podemos deixarnos ir neste camiño, ou, pola contra, facer nosa a proposta de Xesús. El non nos pide que renunciemos ás cousas, só nos suxire que nos atrevamos a compartilas. Vale a pena.



## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante** *Despois de escoitar a Palabra de Deus damos resposta da nosa fe compartindo o noso Credo*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Monitor/a:**

Crede en Deus Pai,

no deus que ama a todos sen diferenza e que nos envía para facer un mundo, non de cousas senón de persoas, non de egoístas senón de solidarios?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús Cristo,

que nos convida a seguir os seus pasos, e que nos quere dando unha man compartindo sen cobizas?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito Santo,

que nos alenta a colaborar, construindo unha sociedade que axude a vivir en paz e en igualdade, ocupándose máis das persoas que das cousas?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na Igrexa,

comunidade que que necesita das nosas mans e dos nosos compromisos para facerse crible no medio do mundo?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Xesús convídanos a facer bo uso dos bens que temos. Rezamos dicindo:*

*Señor, axúdanos a compartir*

**Monitor/a**

- ✓ Pedimos pola nosa comunidade de Os Cotos, para que sexa o compartir, e non o ter, o raseiro polo que medimos aos veciños e veciñas. Oremos
- ✓ Pedimos polos homes, mulleres, nenos e nenas que sofren as consecuencias das cobizas, e se ven obrigados ao empobrecemento. Oremos
- ✓ Pedimos por todos nós, para que aprendamos que o amor e a solidariedade son desexo de Xesús, e son a nosa responsabilidade. Oremos
- ✓ Pedimos pola xente nova para que non se deixen arrastrar polo materialismo, e sexan así esperanza para unha igrexa e unha humanidade mellor. Oremos
- ✓ Doéndonos con Deus, pedimos por todas as persoas que sofren as consecuencias duns lumes tan mal intencionados, e que non podemos entender. Oremos

**Celebrante:** *Señor, nestas pregarías poñemos corazón. Fainos comunidade de crentes capaces de aventurarse no teu camiño e na túa vida. Por Cristo, Noso Señor. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Facemos nosa a oración que Xesús nos ensinou querendo ser solidarios no pan de cada día cos nosos irmáns. Non rezamos para ter máis cousas, facémolo para ser máis irmáns, só así valen a pena estas palabras:*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *As nosas mans abertas uns para os outros expresan o noso compromiso de compartir amizades, parroquia, familia. Abrimos a man non para ter máis senón para compartir mellor. Fagámolo no desexo da irmandade e da paz.*

### COMUÑÓN

**Celebrante:** *A mesa da fe é compartir a mesa da vida. Participar hoxe é comprometerse a compartir para medrar no camiño que nos propón Xesús no evanxeo.*

*Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.*

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

 **nº 48 O pouco que Deus nos dá**

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

*Celebrante:*

Señor,  
acompaña coa túa protección constante  
ao pobo que renovaches  
na fe compartida coma comunidade.

Ti, que nunca deixaches de nos axudar,  
fainos dignos da salvación eterna.

Por Cristo, noso Señor. Amén

*Na nosa vida, acaparamos bens que non precisamos?*

*Vivimos para ter ou para compartir?*

*Recordemos hoxe: Vimos ao mundo espidos e sen nada,  
e saímos del do mesmo xeito. Aprendamos a compartir  
con quen precisa de nós.*

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*



“Gardádevos da cobiza,  
que por moito que un teña  
non por iso a súa vida depende dos seus bens”

*Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe*